



REALIZACION

SOCIEDAD DE CIENCIAS ARANZADI
COLECTIVO A ERMIDA

 **ARANZADI**

colectivo
a ermida

Fernando Serrulla Rech
Eduardo Castro Santamarina
Jimi Jiménez Sánchez

PROMOVE E EDITA

CONCELLO DE MONTERREI
(Ourense)




Fonte bibliográfica:

Enrique Bande Rodríguez, Carlos Tain Carril. La Iglesia de San Pedro de Flariz. Boletín Avriense. Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Anos XVIII-XIX Ourense 1988-89 Tomo XVIII-XIX, pp 211-230.

A IGREXA DE SAN PEDRO DE FLARIZ

(Flariz- Monterrei- Ourense)




1779



A Parroquia de San Pedro de Flariz no ano 1730 dispuña dunha igrexa románica en mal estado asentada nun primitivo castro situado no chamado Outeiro de San Pedro alonxado do que hoxe é o núcleo urbano de Flariz. A actual igrexa constrúese entre 1735 e 1779.

A igrexa de San Pedro de Flariz pertence ao estilo barroco tardío. Tén unha fachada retablo enmarcada en dúas pilastras con canles e sobre elas descansa un pináculo coroado en gola. Do centro arranxa unha esbelta torre en tres corpos con campanario. O primeiro corpo serve de base e mostra no seu frontal unha decoración con motivo da Tiara de San Pedro. O segundo e terceiro corpo téñen catro vanos. É unha imitación da torre do reloxo da Catedral de Santiago. A torre é obra de D.Manuel Louriño maestro de cantería quen a fixo entre 1778 e 1779.


Ademais da porta principal, no lado sur ábrese outra porta enmarcada en orelleiras existindo outra porta no lado norte que non se emprega.



Exterior da sancristía sur con depósito para o lavamanos interior. Orixinal e belo traballo de cantería exterior e interior.

A igrexa ten unha planta de cruz latina cos brazos do cruceiro só insinuados. Consta dunha nave lonxitudinal e outra que fai de cruceiro. A

estructura central ten dous engadidos empregados como sancristías.



Planta da Igrexa de Flariz

Os elementos sustentantes son os muros de fina cantería e os arcos de medio punto que separan os tramos das naves e soportan o peso das bóvedas. As bóvedas son de medio canón. No transepto levántase unha cúpula coroada por un cupulín e rematada ao exterior nunha lanterna decorada de aspecto barroco.

A ábsida é rectangular de gran frialdade estética e monótona. O tímpano é liso só alterado coa inscrición: 'Esta é igrexa de refuxio i sagrado'. A igrexa está cuberta con bóveda de casetones algúns decorados con claves pingantes, espadas curvas e noutros aparece a posible data de comezo da obra 1735. No interior e na capela maior hai un

retablo barroco do século XVIII. Na rúa central unha imaxe de San Pedro sedente metido nunha hornacina. No cruceiro hai catro retablos dous na capela do tramo norte (barroco-neoclásico) e dous no tramo sur con imaxes barrocas e máis modernas. Xunto á porta principal atópase unha gran pía bautismal tallada en granito e o acceso á torre por unha bela escaleira de caracol tamén en granito.

